

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS CULTURAIS, LÚDICAS, RECREATIVAS OU FORMATIVAS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO EXERCICIO 2025

O Concello de Monforte de Lemos pretende apoiar e incentivar as actividades desenvolvidas por Entidades e Asociacións culturais, lúdicas, recreativas ou formativas sen ánimo de lucro no Municipio de Monforte de Lemos que se atopen inscritas no rexistro de asociacións, para as actividades a desenvolver no exercicio 2025.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Monforte de Lemos, aprobado en Xunta de Goberno Local do 20/01/2025, inclúe no artigo 6 en materias obxecto de subvención as de “cultura”, e no artigo 8 inclúese na aplicación 334.480.00 por importe de 15.000,00 euros:

Convocatoria para concorrencia:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
PROMOCION CULTURAL		
338/48000	FESTAS BARRIOS E PARROQUIAS FESTAS 2025	25.000,00
334/48000	SUBVENCIÓNS ASOCIACIÓNS CULTURAIS ACTIVIDADES 2025	15.000,00

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA:

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento da convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para realizar programas, proxectos ou actividades culturais, lúdicas, recreativas ou formativas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

En concreto a finalidade das axudas será contribuír ao financiamento de programas, proxectos ou actividades culturais, lúdicas, recreativas ou formativas levadas a cabo por Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro no Concello de Monforte de Lemos no exercicio 2025.

Non serán subvencionables os gastos de reforma e acondicionamento de locais, vestiario, actividades con ánimo de lucro ou calquera outro gasto non relacionado co proxecto presentado. Así mesmo quedan excluídas desta convocatoria as axudas a festas patronais, actividades deportivas, comidas e eventos relixiosos.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presente bases da convocatoria as asociacións legalmente constituídas que desenvolvan actividades de interese xeral para o municipio, xa sexan de carácter cultural, veciñal, popular, profesional, lúdico ou recreativo, que tendo domicilio social, sede ou representación no Concello de Monforte de Lemos cumpran, ademais dos sinalados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os seguintes requisitos:

- Carecer de ánimo de lucro.
- Estar debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Monforte de Lemos no momento de presentar a solicitude.
- Non ser debedor co Concello por calquera tipo de débeda de dereito público (será comprobado de oficio pola administración).
- Non ser debedor coa facenda estatal ou autonómica e estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvención públicas



- f) Ter xustificado debidamente as subvencións municipais recibidas con anterioridade nos termos que se fixasen nas correspondentes convocatorias.

Quedan excluídas as asociacións e Entidades Deportivas e aquelas entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais no ámbito dos servizos sociais e da inclusión social, e as que reciban no exercicio subvencións de carácter nominativo do Concello de Monforte de Lemos para as mesmas actividades

3.- CONTÍA E LÍMITES DAS SUBVENCIÓNS.

O importe de cada subvención non poderá superar os 1.000 euros, nin o 70% do importe subvencionable. As axudas reguladas nas presentes bases terán carácter único e non acumulativo.

En ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras Administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

4.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 15.000,00 euros que se imputará á aplicación 334.480.00 do Orzamento municipal do ano 2025.

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

Os interesados deberán presentar solicitude de acordo cos modelos normalizados.

A solicitude deberá conter a seguinte documentación:

1. Solicitude segundo **Anexo I** das presentes bases.
2. NIF en vigor da persoa física que actúen en representación a presentar co **Anexo II**.
3. Memoria explicativa detallada do programa de actividades que se pretenden realizar durante o 2025 con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos, de acordo co baremo que figura no artigo 7 destas bases. **Anexo III**
4. Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados. **Anexo IV**
5. Datos bancarios da conta á que se transferirá o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria ou certificado da titulariedade. **Anexo V**.
6. Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados. **Anexo VI**.
7. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin á Seguridade Social. **Anexo VII**.

O Concello comprobará de oficio a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa Facenda Municipal.

Tratándose de actividades xa realizadas, aquela entidades que contén coa documentación xustificativa das mesmas poderán presentala conxuntamente coa solicitude de subvención nos termos recollidos no punto 15 destas bases.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.



A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentárase no Rexistro Xeral do Concello, Campo de San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común. das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes Bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requiriráselles aos interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráse por desistido da súa solicitude.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS E A SÚA PONDERACIÓN.

a) Os criterios de valoración para determinar a subvención e fixación da súa contía, serán os seguintes:

TIPO DE ACTIVIDADE	7 puntos máximo.
NÚMERO DE SOCIOS DA ENTIDADE	5 puntos máximo.
REPERCUSIÓN SOCIAL	4 puntos máximo

TIPO DE ACTIVIDADE	7 puntos máximo
Exposicións, certames, exhibicións, concursos e conferencias	7 puntos fixos
Saídas e excursións	7 puntos fixos
Obradoiros e formación	Periodicidade
	0-20 horas 5 puntos
	21-50 horas 6 puntos
	Máis 50 horas 7 puntos
Actuacións, teatro, danza, concertos	7 puntos fixos
Gastos de Xestión, Funcionamento, (Teléfono, papelería, internet, material funxible) relacionados coa actividade.	4 puntos fixos
Actividades de difusión e comunicación da cultura, patrimonio, tradición	7 puntos fixos
NÚMERO DE SOCIOS DA ENTIDADE	5 puntos máximo
Ata 25 socios	1 punto máximo
De 26 a 50 socios	2 punto máximo
De 51 a 100 socios	3 punto máximo
De 101 a 500 socios	4 punto máximo
Máis de 500 socios	5 punto máximo
REPERCUSIÓN SOCIAL	4 puntos máximo
Actividades para todo o público	4 puntos máximo
Actividades só para socios	2 puntos máximo

b) O cálculo da subvención basearase no valor punto que será o resultado de dividir o importe total do proxecto subvencionable (custe do proxecto menos os ingresos previstos) entre a puntuación máxima que se pode obter (16 puntos).

No caso de que exista remanente poderase incrementar o importe das subvencións, sen superar o importe máximo subvencionable, de forma proporcional ata esgotar a aplicación orzamentaria correspondente.

No caso de que o importe resultante da asignación de puntuación resulte superior do establecido como máximo no orzamento municipal para 2025 o importe das subvencións reducirase proporcionalmente.

8.- INSTRUCCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelles aos servizos administrativos da Concellaría de Cultura, que realizarán, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de Valoración.

9.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Conforme ao establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, crearase unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado da valoración das solicitudes presentadas consonte ós criterios establecidos na base 7ª e de emitir o correspondente informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada indicando a puntuación e a axuda aplicable en cada caso.

A comisión de valoración estará formada por:

- Presidenta: Concelleira de cultura
- Vogais: técnico de cultura e auxiliar administrativo da Alcaldía.
- Secretario/a, con voz pero sen voto: técnico de cultura.
- Intervención, con voz pero sen voto: Un representante do servizo de intervención municipal.

En caso de ausencia dalgún membro da comisión de valoración, este será substituído pola persoa designada polo/a presidente/a.

Así mesmo, a Comisión de valoración terá a competencia para interpretar as Bases reguladoras no caso de que poida xurdir algunha incidencia ó respecto.

10.- RESOLUCIÓN

A proposta de resolución conterá os seguintes extremos:

- A. Relación de solicitantes ós que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- B. Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- C. No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da resolución, resolverá o procedemento.

O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

11.-ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

12.- RECURSOS.

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao amparo da presente convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fóra expresa, artigo 123 e 124 da

LPACAP, ou de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, ante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, artigo 46 Lei 29/1998, da Xurisdición contencioso-administrativo

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As xerais recollidas no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións municipal, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- A. Cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- B. Responder da veracidade dos datos da solicitude.
- C. Destinar o importe da subvención á finalidade para a que foi concedida.

14.-FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

15.- XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación é ata o día 28 de novembro de 2025 incluído

Documentación a presentar para a xustificación: A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

- a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo no exercicio **Anexo VIII**.
- b) Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa acompañadas do **Anexo IX**. As facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.
Segundo o previsto no artigo 7 da Lei 7/2021, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeiro para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude (Limitacións ós pagos en efectivo), **non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervintes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a 1.000,00 €** ou o seu contravalor en moeda extranxeira.
En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pagamento das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados.
- c) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (**Anexo IX**).
- d) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados e de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas. (**Anexo IX**).
- e) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCÍONS.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impedisén.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.
- f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

17.- NORMAS XERAIS DAS FACTURAS.

As facturas presentadas rexeranse polas seguintes normas:

- 1.- Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula os deberes de facturación, segundo os artigos 6 e 7.
- 2.- Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados (charlas, conferencias, colaboracións, etc) deberá constar ademais na factura emitida para o efecto, a retención realizada en concepto de IRPF que deberá ser ingresada en Facenda.
- 3.- As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.
- 4.- Si se está exento de IVE, engadir na factura: "EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTIGO QUE CORRESPONDA SEGUNDO OS SUPOSTOS DA LEI 37/1992, DO 28 DE DECEMBRO, DO IVE".

18.- DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO EXERCICIO 2025

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

DATOS DA ASOCIACIÓN

Nome	
CIF	
Enderezo	
Teléfono	

DATOS DO REPRESENTANTE

Nome e Apelidos	
DNI	
Enderezo	
Teléfono	

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- o Acreditación da representación acompañada da fotocopia compulsada NIF do representante (Anexo II).
- o Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizadas ou a realizar no 2025 (Anexo III).
- o Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados. (Anexo IV)
- o Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria (Anexo V).
- o Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados (VI).
- o Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin á Seguridade Social (Anexo VII).

A presentación desta solicitude implica, aos efectos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, o consentimento do interesado para a inclusión dos seus datos no ficheiro correspondente do Concello de Monforte de Lemos, sendo tratados de forma totalmente confidencial e soamente poderán se tratados para o estrito cumprimento das finalidades derivadas da solicitude. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento nos termos previstos na lexislación vixente, ante responsable do ficheiro, o Excmo. Concello de Monforte de Lemos.

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____



**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES
REALIZADAS NO EXERCICIO 2025**

ANEXO II

ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN

D./D^a _____ Secretario da Entidade

CERTIFICO:

Que na sesión da (Xunta de Socios, Asemblea, etc.) _____
celebrada o día _____ de _____ de _____ acordouse nomear a D./D^a _____
como _____ cargo que lle atribúe a representación legal da Entidade con poderes
suficientes para actuar por nome da mesma.

Que o número de socios da Entidade á data da presente certificación é de: _____

_____, _____ de _____ de 20__

Asinado: _____



**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES
REALIZADAS NO EXERCICIO 2025**

ANEXO III

MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES REALIZADAS OU A REALIZAR NO 2025

DESCRICIÓN: DENOMINACIÓN, CALENDARIO DE EXECUCIÓN, LUGARES DE CELEBRACIÓN, OBXECTIVOS....

NÚMERO DE SOCIOS:

REPERCUSIÓN SOCIAL

	S/N
Actividades para todo o público	
Actividades só para socios	

_____, ____ de _____ de 20 ____

Asinado: _____



**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES
REALIZADAS NO EXERCICIO 2025**

ANEXO IV

ORZAMENTO ESTIMADO DE INGRESOS E GASTOS PARA AS ACTIVIDADES DE 2025

ACTIVIDADE: _____

GASTOS PREVISTOS:

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

INGRESOS PREVISTOS

CONCEPTO	EUROS
Subvención que se solicita do Concello	
Subvencións de outras Administracións (Deputacións, Xunta de Galicia)	
Subvencións ou axudas de entidades privadas	
Outros ingresos (detallados):	
TOTAL	

_____, ____ de _____ de 20____

Asinado: _____



**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES
REALIZADAS NO EXERCICIO 2025**

ANEXO V

DATOS DA CONTA BANCARIA

Titular da conta:

_____ CIF/DNI _____

Nome da Entidade Financeira _____

IBAN

ES																				
----	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

_____, ____ de ____ de 20____

Asinado: _____

(deberá agregar certificado da entidade Bancaria, ou que nesta folla se faga constar o selo da entidade).



**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES
REALIZADAS NO EXERCICIO 2025**

ANEXO VI

DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____ con DNI _____,
en calidade de representante legal da Entidade _____ declaro
que para a realización das actividades no exercicio 2025

() Non se solicitaron nin se obtiveron outras subvencións/axudas de entidades públicas ou privadas.

() Solicitáronse as seguintes subvencións/axudas:

ENTIDADE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO	OBSERVACIÓNS
TOTAL			

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____



**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES
REALIZADAS NO EXERCICIO 2025**

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con DNI _____,
en _____ calidade de representante legal da Entidade
_____, declaro que a mesma non ten débedas
fiscais nin sociais pendentes coa Seguridade Social nin coa Facenda Estatal ou Autonómica, nin se atopa en ningún
dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte das Administracións Públicas
recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

_____, _____ de _____ de 20____

Asinado: _____



CONCELLO DE
**MONFORTE
DE LEMOS**

**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES
REALIZADAS NO EXERCICIO 2025**

ANEXO VIII (A presentar coa xustificación)

**MEMORIA DETALLADA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADES REALIZADAS. DENOMINACIÓN, CALENDARIO DE
EXECUCIÓN, LUGARES DE CELEBRACIÓN, OBXECTIVOS, NÚMERO DE SOCIOS, SI SE COBROU POR PARTICIPAR, ...**

_____, ____ de _____ de 20____

Asinado: _____



**SUBVENCIONS A ASOCIACIONS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONS PARA ACTIVIDADES
REALIZADAS NO EXERCICIO 2025**

ANEXO IX (A presentar coa xustificación)

MODELO DA XUSTIFICACION ECONOMICA

D/D^a. _____ como representante da entidade _____, certifica a veracidade de todos os datos reflectidos na presente Memoria, e así mesmo declara que se realizou a actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada.

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA: _____

RELACION DE XUSTIFICANTES (facturas):

Provedor	CIF/NIF Provedor	Nº factura	Importe	Data pago
TOTAL IMPORTE XUSTIFICADO				

Execución do orzamento:

GASTOS REALIZADOS

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

INGRESOS

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

_____, ____ de _____ de 20 ____

Asinado: _____